

**biblioteca
casa**

**se non podes vir á biblioteca,
a biblioteca irá a ti.**

desenho: c5@H

Bibliocasa: a biblioteca no teu domicilio

En que consiste Bibliocasa?

Trátase dun novo servizo da Rede de Bibliotecas do Grove que che permite solicitar o préstamo de libros, DVD etc. e recibilos no teu propio domicilio.

Este novo servizo foi pensado para que todas aquelas persoas que teñan reducida a súa mobilidade de forma temporal ou permanente (por unha enfermidade crónica, por un período de convalecencia...) poidan acceder aos fondos documentais da biblioteca.

Como podes acceder a este servizo?

Tan só debes poñerte en contacto coa biblioteca municipal do Grove por teléfono, e-mail ou a través da súa páxina de Facebook. Deste xeito concertarás a túa primeira visita informativa, na que serás informado/a do funcionamento das bibliotecas, farás o carné de socio/a, e darasnos a coñecer os teus intereses e necesidades.

Co carné de socio/a poderás acceder ao préstamo dos fondos documentais das bibliotecas da Rede.

Que podes coller en préstamo?

Todos os materiais que se prestan habitualmente nas bibliotecas: libros, CD, DVD etc. (ata un máximo de 4, por un período de 15 días).

Bibliotecarias voluntarias a domicilio

As bibliotecarias do Grove serán as persoas encargadas de levarche o que solicites ao teu domicilio. Con elas poderás intercambiar opinións, solicitarlles información e facerlles peticións sobre os materiais que che interesen.



Rede de Bibliotecas do Grove
Rúa Monte da Vila, 11
Tel.: 986 732 341
biblioteca@concellodogrove.com
www.concellodogrove.com

